



## Hi, GRADE 2 !

Chegou o final deste curso estraño no que demostramos que tamén desde a distancia podemos funcionar.

Tivemos que cambiar moitos hábitos nas nosas vidas e, aínda que é difícil adaptarse aos cambios, quizais algúns foron incluso para mellorar. Así que, intentemos conservar as cousas boas que aprendemos desta situación tan especial que tivemos que vivir.

Agora chega o final do curso 2019-2020 e aínda non sabemos ben como vai ser o seguinte. Por iso, coidémonos moito durante o verán (summer) e disfrutemos todo o que poidamos, para poder volver así coas pilas ben cargadas.

Quizais non poderemos darnos apertas (hugs) e bicos (kisses), pero seguro que estaremos encantad@s de volver a vernos !

Envíovos aquí o último bloque de tarefas que son unha revisión do que vimos durante este curso curto, pero moi intenso. Intentade facer o que poidades e se hai lago que non vai (que ás veces pasa), tirade para adiante e intentade desfrutar das actividades que vos ofrecemos. Cantade e bailade coas cancións, relaxádevos e escoitade as historietas que aparecen, pasade bos intres cos xogos online,... e lembrade que podedes volver a ver todo o que fomos subindo á web do cole n@s semanas anteriores.

Éste é a última ligazón (link) para este ano escolar:

<https://view.genial.ly/5ed773542c645e0d7ac8e817/interactive-image-final-review-2o>

Un abrazo ás familias pola colaboración, paciencia e comprensión e **lots of kisses, kisses, kisses** a vós, **boys and girls**, que vos portastes coma verdadeir@s heroes e heroínas.

Desfrutade moitísimo do verán e vémonos en setembro!

**We miss you a lot** (botámosvos moito en falta)

**Your English teacher,**

**MARY**